

ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PRESTACION

DO SERVICIO DA PISCINA MUNICIPAL

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, este Concello establece a “Taxa pola prestación do servico da piscina municipal” que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible a utilización por parte do suxeto pasivo do servico da piscina municipal prestado por esta Entidade Local.

ARTIGO 3º.- SUJETOS PASIVOS

Serán suxetos pasivos da presente taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como, as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que resulten afectadas ou beneficiadas pola prestación do servico que se define no parágrafo anterior.

ARTIGO 4º.- CUOTA TRIBUTARIA

A cuantía da taxa pola utilización da piscina municipal será a resultante de aplica-las seguintes tarifas:

- Tarifa individual.....1,50 €
- Bono:
 - a) Bono temporada.....20,00 €
 - b) Bono mensual (por meses naturais).....14,00 €

As diversas modalidades de bonos emitiranse polo Concello a solicitude do interesado e serán persoais e intransferibles.

ARTIGO 4º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederá exención nin bonificación algunha da taxa regulada na presente ordenanza.

ARTIGO 5º.- DEVENGO

A obriga de pagamento da taxa desta ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servico que se especifica no artigo 2º.

ARTIGO 6º.- COBRO

O pago efectuarase no momento de entrar ó recinto vaiado da piscina e acreditarase a través do correspondente tique selado polo Concello, ou ben, no caso de adquisición de bono, mediante a presentación do mesmo, asimesmo selado polo Concello.

Si por calquera razón unha persoa se ausentara do recinto da piscina non poderá volver a entrar senón a través do pago dunha nova tarifa.

ARTIGO 7º.- INSPECCIÓN

En calquera momento o persoal do Concello poderá esixir ás persoas que estén dentro do recinto a presentación do correspondente tiket ou bono, poidendo, no caso de non presentalo proceder á súa expulsión.

DISPOSICION FINAL

A presente modificación da ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de piscina municipal entrará en vigor o mesmo día no que se produza a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa e comenzará a aplicarse a partir do un de xaneiro do dous mil doce.